



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Con respecto ás **especies**, exclúense o longueirón e o longueirón vello tendo en conta que o informe técnico sinala que a única especie cuxa abundancia é suficiente para establecer unha explotación regular é a navalla; o longueirón vello está presente, pero non abunda e non se ten constancia da presenza de longueirón nas áreas solicitadas.

En relación coa **zona de traballo** e tendo en conta que:

- a) O plan de explotación para o ano 2008 e anteriores, foi aprobado para as seguintes zonas: de Sapeiras de Terra ata Punta Quilme, Áreoso, Camallón, Roncadeiras, Punta Testos, Punta Niña do Corvo, Area Secada e Punta Cabalo.
- b) A confraría de A Illa ten unha autorización en Illote Areoso ou Xidoiros de 90.000 m² para ameixa e navalla, pero que non consta delimitadas en plano..
- c) Entendendo que a explotación de todo o perímetro de Xidoiro Areoso, así como do Xidoiro Pedregoso e Illote Corbeiro requiriría da conformidade das confrarías interesadas con colectivos de mergulladores ou da renuncia a súa explotación (artigo 42 da Lei 6/1993, de 11 de maio).

Apróbase como zona de traballo a mesma que a autorizada en anos anteriores, é dicir: Sapeiras de Terra ata punta Quilma, Areoso, Camallón, Roncadeiras, Punta Testos, Punta Niña do Corvo, Área Secada e Punta Cabalo.

A zona de traballo é común coa explotación doutros recursos por sectores da mesma entidade, polo que o colectivo de mergulladores debería planificar un calendario de traballo que non interfira co marisqueo a flote e que respecte as zonas de marisqueo a pé.

En relación coa **proposta de ampliación dos participantes**:

No plan figuran 12 embarcacións e 28 tripulantes. O plan foi aprobado no ano 2005 con 14 embarcacións e 34 mergulladores. Dende a aprobación do plan de explotación causaron baixa 2 embarcacións (6 mergulladores):

1. A embarcación foi aportada como baixa para a nova construción



2. . O traslado do permiso de explotación finalizou sen o outorgamento de modalidades de recursos específicos no seu permiso de explotación.
3. A embarcación foi excluída do plan de explotación para o ano 2008 por non renovar a modalidade de navalla e longueirón no seu permiso de explotación.

O plan de explotación presentado non acredita a aprobación polo órgano competente da agrupación. Polo tanto, a valoración da proposta de ampliación que efectúa a entidade queda supeditada á aprobación polo órgano de goberno competente da agrupación sectorial, segundo estableza o seu regulamento interno.

Debería realizarse un reparto do esforzo entre os distintos sectores do plan (6) e non centrarse só en 3 áreas. En Camallón e Areoso obsérvanse tallas de captura algo menores que no resto das zonas. No ano 2008 houbo unha maior rotación entre as diferentes zonas e debe manterse esta tendencia.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Por outra banda, tamén é fundamental un correcto funcionamento dos puntos de control, de xeito que se controlen os topes de capturas e os tamaños mínimos.

O informe de mergullo emitido en data 13.11.2008 é favorable ao plan sempre e cando sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente. A Elisardo Villanueva Vicente cadúcalle a tarxeta de mergullo en data 23.04.2009.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de traballo

Deben presentar a acreditación da aprobación do plan polo órgano competente da agrupación que foi requirida pola delegación territorial.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negra o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15....

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración